

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 29.09.2020

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de setembro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Punto 2. Preguntas

- 2.1 1016 (11/POC-000148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura
Sobre a valoración das denuncias referidas á manipulación informativa na CRTVG durante o estado de alarma xerado pola pandemia da covid 19 así como no período de precampaña e campaña electoral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020
- 2.2 1197 (11/POC-000182)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as razóns da inexistencia na CRTVG dun órgano, semellante ao doutras corporacións de medios audiovisuais de carácter público, para velar e salvagardar os dereitos dos espectadores e de participación social sobre o carácter de servizo público da radio e televisión públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12, do 08.09.2020
- 2.3 1511 (11/POC-000239)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre os datos referidos ao investimento realizado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia en cinema nos anos 2019 e 2020, así como aos filmes galegos emitidos pola Televisión de Galicia neses anos, e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.09.2020
- 2.4 1767 (11/POC-000285)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a estratexia de comunicación desenvolvida pola Corporación Radio
e Televisión de Galicia durante os meses máis agudos da pandemia da
covid-19 en España e en Galicia, a valoración dos seus resultados e as
previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Ovidio Rodeiro Tato
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|-------------------------------|-----|
| Presidente | |
| Ovidio Rodeiro Tato | P |
| Vicepresidenta | |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| Secretaria | |
| Alexandra Fernández Gómez | BNG |

Vogais

| | |
|----------------------------------|-----|
| María Isaura Abelairas Rodríguez | S |
| José Antonio Armada Pérez | P |
| Ramón Carballo Páez | P |
| Noa Susana Díaz Varela | S |
| María González Albert | BNG |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| Noelia Pérez López | P |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Borja Vereza Fraiz | P |

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.09.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.09.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.09.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1016(11/POC-000148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre a valoración das denuncias referidas á manipulación
informativa na CRTVG durante o estado de alarma xerado pola
pandemia da covid 19 así como no período de precampaña e
campaña electoral

Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 1016
Data envío: 27/08/2020 14:03:10.263

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para o seu debate na Comisión Permanente da CRTVG.

Ao igual que levan facendo desde hai xa 118 venres negros os e as profesionais dos medios de comunicación públicos galegos, os grupos da oposición, e en concreto o PSdeG, denunciámos nestes últimos anos que a CRTVG está a vivir un preocupante deterioro, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, consecuencia da manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día.

Se a radiotelevisión pública galega é vital para o mantemento do espazo público democrático e o reforzamento da identidade do pobo galego, cremos que na situación de alarma sanitaria máis grave da historia democrática do noso país na que nos atopamos, é máis necesario ca nunca que a CRTVG cumpra coa misión de servizo público garantindo unha información de proximidade que respecte os principios de pluralidade, imparcialidade, neutralidade e veracidade informativa.

Mais a realidade é que durante o estado de alarma a manipulación informativa e o control político dos medios de comunicación públicos galegos se intensificaron ata niveis escandalosos, cun acaparamento dos telexornais por parte do señor Feijóo mentres se silenciaron as declaracións dos partidos da oposición e os debates que tiñan lugar na Deputación Permanente do Parlamento de Galicia.

Ante esta situación, todos os grupos parlamentarios da oposición asinaban un comunicado que fixeron público o pasado 3 abril no que amosaban “o seu firme desacordo coa situación orixinada”, e “solicitaban á Dirección da CRTVG que actúe con responsabilidade de país, tendo en conta que se debe ao pobo galego e non a intereses partidistas do PP”, e no que manifestaban tamén “o seu apoio a todos os traballadores e traballadoras da corporación de medios públicos galegos, que tentan facer o seu labor con profesionalidade e rigor”.

E se esa manipulación foi escandalosa, non o foi menos durante a precampaña e a campaña electoral, no que a utilización propagandística por parte do Goberno e o Partido Popular da televisión e radio pública de todos os galegos e galegas





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2020 09:30:00
Nº Registro: 1016
Data envío: 27/08/2020 14:03:10.263

chegou a límites inimaxinables, que tamén contaron coa denuncia constante dos propios traballadores e traballadoras.

Por iso as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai das denuncias sobre manipulación informativa na CRTVG durante o estado de alarma provocado pola pandemia da Covid-19 e no período de precampaña e campaña electoral?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/08/2020 12:52:10

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 27/08/2020 12:52:28

CSV REGISTRO: 10160e9
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.09.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1197(11/POC-000182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns da inexistencia na CRTVG dun órgano,
semellante ao doutras corporacións de medios audiovisuais de
carácter público, para velar e salvagardar os dereitos dos
espectadores e de participación social sobre o carácter de
servizo público da radio e televisión públicas

Publicación da iniciativa, 12, 08.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2020 13:22:30
Nº Rexistro: 1197
Data envío: 02/09/2020 13:22:30.128

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a creación da Defensoría da Audiencia e a anomalía democrática que representa a CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado en numerosas ocasións a anomalía que representa a CRTVG entre as corporacións de medios audiovisuais públicos da nosa contorna en diversos ámbitos.

Cómpre lembrar que, ao contrario do que acontece en RTVE, EiTb ou TV3, a Corporación da RTVG non ten aprobado o Estatuto profesional nin creado o Consello de informativos, incumprindo de maneira intencionada e obscena a Lei 9/2011. Tampouco se ten creado, malia estar previsto na lexislación, a Autoridade Audiovisual.

De igual maneira, a CRTVG tampouco conta a día de hoxe cunha Defensoría da Audiencia entendida como un espazo dirixido a velar e salvagardar os dereitos das e dos espectadores e de participación social sobre a misión de servizo público da Corporación.

Desde hai anos, múltiples medios de comunicación audiovisual públicos, contan xa con esta figura. É o caso, entre outros, de RTVE (2009), CCMA (TV3) desde 2008, EiTb (2016) ou Canal Sur (2008).

CSM-REXISTROvaNRW1k8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles.csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2020 13:22:30
Nº Rexistro: 1197
Data envío: 02/09/2020 13:22:30.128

Nestes casos, alén de recepcionar queixas, as defensorías emiten de maneira periódica informes que son publicados e difundidos a través da web.

A Defensoría da Audiencia así como os servizos de atención á audiencia son figuras que responden a unha maior democratización dos medios públicos así como a unha maior transparencia das Corporacións.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que non conta a CRTVG cun órgano semellante ao doutras corporacións públicas de medios audiovisuais dirixido a velar e salvagardar os dereitos das e dos espectadores e de participación social sobre a misión de servizo público da radio e televisión públicas?

- Pensa a actual dirección da CRTVG creala?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Maria González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: REXISTROVAHRW118
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2020 13:22:30
Nº Registro: 1197
Data envío: 02/09/2020 13:22:30.128

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2020 13:21:20

María González Albert na data 02/09/2020 13:21:23

Alexandra Fernández Gómez na data 02/09/2020 13:21:32

CSX4 REGISTROxeralRW116
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.09.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 1511(11/POC-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os datos referidos ao investimento realizado pola
Corporación Radio e Televisión de Galicia en cinema nos anos
2019 e 2020, así como aos filmes galegos emitidos pola
Televisión de Galicia neses anos, e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 16, 17.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 1511
Data envío: 08/09/2020 18:43:25.829

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o investimento da CRTVG no cinema galego correspondente a 2019 e 2020 así como os datos de emisión de filmes na TVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CRTVG ten entre os seus obxectivos fundacionais promover a creación audiovisual galega e en galego así como a difusión da creación cultural do noso país, tamén do cinema.

Anualmente a Corporación inviste en distintas producións e coproducións unha porcentaxe do seu orzamento, cuestión sobre a que o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten preguntado en diversas ocasións.

A CRTVG cumpre un papel chave non só na dinamización do sector audiovisual galego senón tamén na difusión da creación cultural do noso país, non só audiovisual ou cinematográfica.

Porén, é habitual que os filmes, galegos ou dobrados á nosa lingua, sexan emitidos en horarios que non favorecen a súa visualización, fundamentalmente de madrugada.

CSM-REXISTROVZ6N28V70
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles.csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 09:30:00
Nº Registro: 1511
Data envío: 08/09/2020 18:43:25.829

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Cal foi o investimento en cinema da CRTVG en 2019 e 2020?
- Cantos proxectos e con que apoio económico?
- Cantos filmes galegos ten emitido a TVG en 2019 e no que vai de 2020?
- En que horario?
- Con que audiencia (número de espectadoras/es)?
- Que previsións ten a CRTVG nesta materia?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Maria González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2020 18:36:04

CSX: REXISTROVZ6N2bvp70
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 09:30:00
Nº Registro: 1511
Data envío: 08/09/2020 18:43:25.829

Alexandra Fernández Gómez na data 08/09/2020 18:36:19

María González Albert na data 08/09/2020 18:36:28

CSV XERXISTROVZ6N28vp70
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.09.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 1767(11/POC-000285)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a estratexia de comunicación desenvolvida pola
Corporación Radio e Televisión de Galicia durante os meses
máis agudos da pandemia da covid-19 en España e en Galicia, a
valoración dos seus resultados e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Guadalupe Murillo Solís, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato e Borja Vereza Fraiz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**.

O mundo está pendente nos últimos meses da pandemia da Covid19, durante a cal os medios de comunicación xogaron e están a xogar un papel fundamental, de información sobre a situación que se vive en cada momento e en cada lugar, pero tamén sobre as recomendacións dos expertos e a comunicación das medidas que cada un de nós a título persoal , e como comunidade debemos tomar.

Neste sentido a CRTVG ten a obriga de xogar un papel de liderado como medio de comunicación público de Galicia , e en consonancia coa propia lei 9/2011 de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, que no seu artigo 5º recolle o obxecto de servizo público que debe determinar a actividade destes medios, e que inspira o propio desenvolvemento da lei.

E esa vocación de servizo público tense que facer necesariamente máis evidente, se cabe, nos momentos excepcionais para Galicia e os galegos, e moito máis se o que está en risco é a súa propia vida.

Por elo, parécenos fundamental avaliar cal é o seguimento que a CRTVG fai da pandemia da COVID 19, especialmente nos momentos máis duros da mesma, momentos nos que é precisa a información áxil e veraz, a sensibilización da poboación e evitar os alarmismos.

Vimos como CRTVG levou a cabo unha forte campaña institucional para a prevención do coronavirus:

- A corporación desenvolveu desde o primeiro momento dúas accións que modificaron substancialmente toda a información das súas redes corporativas de programas.

Desde o día 12 , as redes oficiais contaron cunha única mensaxe na biografía co cancelo **#coidémonos** e cun texto de prevención **“lava as mans , reduce o contacto-restrinxo actividade social-vixía a febre-sigue as recomendacións das autoridades #coidemonos”**



- A esa acción e aos vídeos explicativos sumouse á programación da TVG o cancelo #QuedaNaCasa e distribuíuse por tres vídeos sobre tres temas esenciais: evitar a desinformación, non distribuír trolas polas redes, non deixar aos nenos o coidado dos avós, e un específico apelo á responsabilidade da cidadanía para quedar na casa.

A CRTVG reforzou tamén a programación informativa e de directos para ofrecer toda a actualidade. Neste sentido

- A CRTVG reaccionou cunha campaña de información sen precedentes por todas as súas redes antes do decreto do estado de alarma.
- A pesar de protexer a saúde do persoal e contar con case o 70% do persoal en teletraballo, a CRTVG, no momento máis duro, apostou por aumentar as horas de emisión de informativos e manter o entretemento en directo, como parte fundamental do servizo público.
- Adaptou a programación ás necesidades escolares.

Ademais a CRTVG foi a primeira canle de España pública ou privada que puxo en marcha medidas de apoio para o sector audiovisual.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a estratexia comunicativa da CRTVG durante os meses en que a pandemia da covid19 foi máis aguda en España e en Galicia?
- 2.- Que valoración fai dos resultados da mesma?
- 3.- Cales son as súas previsións de cara ao futuro sobre esta cuestión?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2020 13:53:49
Nº Rexistro: 1767
Data envío: 11/09/2020 13:53:49.638

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2020 13:50:48

José Antonio Armada Pérez na data 11/09/2020 13:51:17

Ramón Carballo Páez na data 11/09/2020 13:51:39

María Guadalupe Murillo Solís na data 11/09/2020 13:52:02

Noelia Pérez López na data 11/09/2020 13:52:21

Ovidio Rodeiro Tato na data 11/09/2020 13:52:39

Borja Vereá Fraiz na data 11/09/2020 13:52:53



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

